



**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A ESCOLA GALEGA DE ADMINISTRACIÓN PÚBLICA E A AXENCIA PARA A MODERNIZACIÓN TECNOLÓXICA DE GALICIA, PARA A CONVOCATORIA E O DESENVOLVEMENTO DE ACTIVIDADES DE FORMACIÓN EN MATERIA DE ADMINISTRACIÓN ELECTRÓNICA E DE SEGURIDADE E PROTECCIÓN DE DATOS NO ANO 2026**

En Santiago de Compostela, asinado electronicamente

**REUNIDAS**

Dunha parte, **dona Sonia Rodríguez-Campos González**, directora da Escola Galega de Administración Pública (en diante EGAP), nomeada polo Decreto 146/2012, do 12 de xullo (DOG núm. 134 do 13 de xullo), actuando en nome e representación da EGAP, en virtude das facultades que lle confire o artigo 9º da Lei 4/1987, do 27 de maio, de creación da EGAP, modificada pola Lei 10/1989, do 10 de xullo;

e doutra, **don Damián Rey Rodríguez** director da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (en diante AMTEGA), nomeado polo Decreto 117/2025, do 29 de decembro, (DOG núm. 251, do 30 de decembro) en virtude das facultades que lle confire o Decreto 252/2011, do 15 de decembro, polo que se crea a AMTEGA e se aproban os seus estatutos;

Teñen, segundo interveñen, a capacidade legal necesaria para formalizar o presente **Convenio de Colaboración**, e

**EXPOÑEN**

**Primeiro.-** Que a EGAP é un organismo autónomo de carácter administrativo e unha entidade de dereito público con personalidade xurídica propia, que actúa con plena autonomía funcional para o cumprimento dos seus fins e que a Lei 4/1987, do 27 de maio, pola que se crea a EGAP, menciona entre os fins da Escola a formación, o perfeccionamento, a investigación, a documentación, o estudo e a realización de traballos de divulgación no campo da administración pública, promovendo á súa máxima difusión.

**Segundo.-** Que, segundo o Decreto 252/2011, do 15 de decembro, a AMTEGA é a axencia pública autonómica que ten por obxecto a definición, o desenvolvemento e a execución dos instrumentos da política da Xunta de Galicia relativa a tecnoloxías da información e comunicacións, así como a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico e, concretamente, a quen lle corresponde a xestión dos programas de capacitación dixital do persoal empregado público, en coordinación cos órganos competentes en materia de formación.





**Terceiro.-** As actuacións desenvoltas no “Plan de Administración e Goberno dixitais. Horizonte 2020” promovido pola Amtega, permitiron reforzar a posta en marcha de sistemas e medidas para o desenvolvemento dos servizos públicos dixitais, tanto no funcionamento e organización interna da administración como nas relacións coa cidadanía e outras administración. Dentro das previsións de continuidade das actuacións do dito plan, inclúese o impulso das actuacións de capacitación do persoal empregado público para a adecuada utilización dos medios dixitais. Incidindo ademais no cumprimento do establecido no artigo 109 da Lei 4/2019, de 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, que recolle que a administración xeral e as entidades públicas instrumentais do sector público autonómico habilitarán os medios e garantirán o acceso a formación continuada o persoal empregado público para o desenvolvemento das súas competencias dixitais e aproveitamento eficiente dos medios dixitais na prestación dos servizos públicos.

**Cuarto.-** Que unha das liñas estratéxicas de actuación da EGAP consiste en reforzar substancialmente os cursos de formación continua en e-administración e facela extensiva a todo o persoal empregado público da comunidade autónoma. Isto ven motivado, en gran parte, pola aplicación das Leis 39 e 40/2015, do 1 de outubro, sendo que que na primeira das normas mencionadas, no seu artigo 14, establécese un amplo grupo de suxeitos obrigados a relacionarse coa Administración por medios telemáticos e, no artigo 12, establécese o deber de asistencia por parte do persoal empregado público no uso destes medios. Por tal motivo, a formación neste campo debe ser prioritaria e a EGAP contribuirá con este convenio a acadar unha Administración moderna e adaptada as exixencias derivadas do deber de emprego das novas tecnoloxías.

**Quinto.-** Que o 6 de decembro de 2018 publicouse a actual lei orgánica de protección de datos persoais e garantías dos dereitos dixitais, lei que, xunto co actual Regulamento Europeo de Protección de Datos, amplía os dereitos dos cidadáns neste eido e introduce importantes novidades, coma o dereito ao esquecemento ou o dereito á portabilidade, dereitos que melloran a capacidade de decisión e control da cidadanía sobre os datos persoais que confían a terceiros.

Estas normas teñen importantes consecuencias para as Administracións Públicas e resulta imprescindible asegurar unha adecuada formación nestas materias para todo o persoal empregado público.

**Sexto.-** Que ambas as dúas partes consideran de mutuo interese para o cumprimento das súas respectivas funcións establecer fórmulas de colaboración no ámbito formativo e divulgativo a través deste convenio.

En virtude do exposto e recoñecéndose ambas as dúas partes na representación que ostentan capacidade suficiente, acordan asinar un convenio de colaboración de acordo coas seguintes:





## CLÁUSULAS

### Primeira.- Obxecto

Este convenio ten por obxecto articular a colaboración entre a EGAP e a AMTEGA para convocar e desenvolver as actividades formativas dirixidas ao persoal empregado público das Administracións Públicas de Galicia en materias transversais do ámbito TIC, concretamente nos eidos da Administración Electrónica e da Seguridade e Protección de Datos.

### Segunda.- Dereitos e obrigas

A EGAP e a AMTEGA adquiren os seguintes compromisos:

- Ambos os dous organismos :
  - colaborarán na organización e o desenvolvemento dos referidos cursos
  - xestionarán a través deste convenio todas as accións formativas que desenvolvan no ano 2026 relativas á Administración Electrónica e á Seguridade e Protección de Datos, co obxecto de asegurar unha plena coordinación dos esforzos e investimentos de ambas as dúas organizacións nestes eidos.
- A AMTEGA
  - remitirá á EGAP tres meses antes do inicio de cada acción formativa unha memoria explicativa na que se faga referencia aos seguintes extremos:
    - A) Indicación da persoa responsable da tramitación ante a EGAP
    - B) Denominación, obxectivo e metodoloxía de cada acción formativa. A impartición de actividades na modalidade de teleformación deberá adecuarse aos estándares fixados pola EGAP.
    - C) Programa e número de horas lectivas
    - D) Lugar, data e horario de realización
    - E) Sistema de avaliación do alumnado
    - F) Criterios de selección, axustándose a criterios obxectivos e tendo en conta a relación do contido da acción coas tarefas do posto desempeñado. Subsidiariamente empregaranse os da Resolución do 10 de maio de 2023 (DOG núm. 96 do 23 de maio) pola que se fan públicos os criterios de participación nas actividades docentes da EGAP.
    - G) Destinatarios e número de asistentes, que deberán ser preferentemente persoal ao servizo das administracións públicas de Galicia





- H) Perfil do profesorado que impartirá as clases. De coñecerse xa, incluírse a relación dos docentes cos seus currículos e con indicación da súa inscrición no Rexistro de Formadores da EGAP.
- validada a proposta, a AMTEGA informará á EGAP das datas propostas para a matrícula na acción formativa, cunha antelación suficiente para que a EGAP poida proceder á correspondente publicación da convocatoria e realizar as restantes xestións necesarias.
  - remitirá á EGAP nun prazo inferior a dous meses despois de finalizar cada actividade formativa unha memoria- resumo que faga referencia aos seguintes aspectos:
    - A) Denominación, obxectivos e metodoloxía da acción formativa
    - B) Relación de docentes, cos seus respectivos currículos no caso de que non estivesen determinados no momento de presentarse a memoria inicial, cuantificando o esforzo en horas de docencia para unha deles, co obxecto de que a EGAP poida calcular as cantidades a aboar en cada caso
    - C) Relación certificada das persoas participantes que cumpren os requisitos necesarios para ter dereito á expedición do certificado. Para os efectos de obtención do certificado de aproveitamento, relación certificada de participantes con indicación expresa da súa avaliación
    - D) no caso de coordinar a elaboración ou actualización dos contidos da actividade formativa, copia do material didáctico empregado. No caso de actividades de teleformación, facilitarase á EGAP durante o desenvolvemento do curso un acceso a estes materiais a través da plataforma. No caso de contidos de nova elaboración, remitirá ademais á EGAP os documentos orixinais editables empregados no proceso de elaboración dos contidos, co obxecto de que a EGAP poida, nun futuro, modificalos ou transformalos.
    - E) Resultado global das enquisas de valoración realizadas polas persoas participantes.
    - F) Controis de asistencia. Para os efectos da expedición dos certificados, serán de aplicación os requisitos de asistencia previstos pola EGAP.
- A EGAP:
- revisará as propostas de accións formativas que remita a AMTEGA para comprobar que se axusten aos requisitos mencionados
  - publicará no *Diario Oficial de Galicia* e na páxina web da EGAP a apertura dos sucesivos prazos de matrícula
  - facilitará a matrícula das persoas participantes nas accións formativas a través da súa área de matrícula en <https://egap.xunta.gal/matricula>
  - no caso de que a Amtega informe da necesidade de reapertura do prazo de matrícula, procederá a facelo sempre que se así o permitan os prazos de xestión





necesarios

- no caso de existir criterios específicos de selección, remitirá a lista de persoas candidatas á AMTEGA para a súa valoración
- colaborará coa AMTEGA na reserva de aulas dos cursos ou sesións presenciais, cando se propoña impartir as accións formativas nas dependencias da EGAP, ou telepresenciais.
- no caso de que sexa a propia EGAP quen coordine a elaboración ou actualización de contidos dalgunha das actividades formativas do convenio, remitirá á AMTEGA copia dos documentos orixinais editables empregados no proceso de elaboración dos contidos, co obxecto de que a AMTEGA poida, nun futuro, modificalos ou transformalos.
- emitirá as certificacións ao alumnado que superen as actividades
- tramitará, cando aplique, as ordes de pagamento aos diferentes participantes das accións formativas

### **Terceira.- Establecemento dunha Comisión Mixta de Seguimento**

Para o bo desenvolvemento das actividades obxecto do convenio establecerase unha Comisión Mixta, de composición paritaria, integrada por representantes de cada unha das institucións á que corresponderá a concreción, seguimento, interpretación e avaliación das accións derivadas deste convenio.

Forman parte desta comisión as seguintes persoas:

- Por parte da EGAP a persoa responsable da Secretaría Xeral e un xefe ou xefa de servizo deste organismo que designe a súa directora, ou persoas en quen deleguen.
- Por parte da AMTEGA, dous representantes, ou persoas en quen deleguen.

A Comisión de Seguimento terá, sen prexuízo do establecido no artigo 49 f) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público respecto das funcións do órgano de vixilancia e control, as seguintes funcións:

1. Seguir, interpretar e avaliar as accións derivadas do convenio.
2. Adoptar ou propoñer as medidas necesarias para garantir o exercicio coordinado das competencias de cada unha das partes.
3. Valorar conxuntamente a posible organización de novas accións formativas no eido da administración electrónica e seguridade e protección de datos, máis alá das identificadas no Anexo I. No caso de que estas novas accións formativas impliquen modificación nas achegas económicas de ambas partes ao convenio, procederase á formalización da correspondente modificación do convenio.





#### Cuarta.- Orzamento

Para o desenvolvemento das actuacións previstas no convenio, a colaboración entre as partes organizase do seguinte xeito:

- A EGAP:
  - coa posta a disposición das súas instalacións, dos seus medios telemáticos e co seus medios persoais e materiais.
  - instando unha modificación orzamentaria ante o órgano competente, no exercicio 2026, para recibir da Amtega o importe de **76.638,00 €**. Ademais, a EGAP achegará o importe de **57.138,00 €** con cargo a partida orzamentaria 07.81.122B.226.17 do orzamento da Xunta de Galicia para o ano 2026. Unha vez aprobados os trámites anteriores, a EGAP comprometerase a realizar as actividades formativas recollidas no anexo I, polo importe total máximo de **133.776,00 €**.
- A AMTEGA colaborará:
  - cos seus medios persoais e materiais.
  - cunha achega económica por un importe de **76.638,00 €** con cargo á partida orzamentaria 07.A1.571A.226.99 do orzamento da Xunta de Galicia para o ano 2026, que serán transferidos á EGAP cando así o aprobe o órgano competente para autorizar a modificación orzamentaria a instar pola EGAP.

#### Quinta.- Inexistencia de relación laboral

A subscrición deste convenio non implicará relación laboral, contractual ou de calquera outro tipo entre os profesionais que realicen as actividades obxecto deste convenio e a AMTEGA ou a EGAP.

#### Sexta.- Dereitos de uso e propiedade industrial e intelectual

Os dereitos de propiedade intelectual e industrial sobre a totalidade das creacións resultado deste convenio, son titularidade conxunta da AMTEGA e da EGAP.

Cada parte necesita a autorización expresa da outra para editar, representar, gravar e reproducir audiovisual, informaticamente, ou por calquera outro medio, formato ou soporte, o resultado e dos materiais froito do desenvolvemento do proxecto.

#### Sétima.- Modificación, denuncia e resolución do Convenio





As partes poderán modificar ou resolver este convenio en calquera momento por mutuo acordo. Así mesmo, poderán denunciálo en calquera momento por vontade expresa de calquera das partes cun aviso previo de quince días naturais.

O incumprimento de calquera das obrigas contraídas neste convenio por unha das partes facultará á outra para resolvelo, cos efectos que legalmente procedan.

### **Oitava.- Réxime xurídico e resolución de conflitos**

Este convenio ten natureza administrativa e rexerese pola Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, pola Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, pola lexislación en materia de contratos das administracións públicas polas demais normas de dereito administrativo e, no seu defecto polas normas de dereito privado.

Terase en conta o establecido no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro de transparencia e bo goberno, en especial no que se refire a publicidade deste convenio.

Sen prexuízo do disposto na normativa autonómica aplicable, as cuestións litixiosas que poidan xurdir na interpretación e cumprimento deste convenio de colaboración, que non podan ser resoltas no eido da Comisión Mixta de Seguimento, serán de coñecemento e da competencia da orde xurisdiccional do contencioso- administrativo.

### **Novena.- Obrigas en materia de protección de datos.**

As partes asinantes virán obrigadas en materia de protección de datos a cumprir co Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello de 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e a libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos), a Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais (en diante, LOPDGDD) e demais disposicións vixentes sobre a materia, adoptando as medidas que resulten necesarias para cumprir as súas previsións e, en particular, para garantir a seguridade e integridade dos datos e a súa protección fronte a alteracións, perdas, tratamentos ou accesos non autorizados.

#### **1. Tratamento de datos persoais dos asinantes deste convenio**

Os datos persoais dos asinantes deste convenio serán tratados por cada unha das partes co fin de xestionar a formalización e desenvolvemento do presente convenio, sendo imprescindible para iso que inclúan os seus datos identificativos, a representación da capacidade que ostenten, o número de DNI ou documento equivalente e a súa sinatura.





A base lexitimadora do tratamento destes datos persoais é o cumprimento dunha misión realizada en interese público baseada na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público e na necesidade de tratar os devanditos datos para a execución do convenio suscrito.

As persoas asinantes manifestan o seu consentimento para que poidan ser publicados no Portal de Transparencia e Goberno Aberto aqueles datos persoais, de entre os recollidos neste deste convenio, e mailo resto de especificacións nel contidas, que poidan resultar necesarios para o cumprimento da lexislación vixente en materia de información pública.

Respecto dos datos persoais sobre os que cada unha das partes ostente a condición de responsable do tratamento, as persoas interesadas poderán solicitar ante estas o acceso, rectificación, supresión, así como outros dereitos a través da Sede Electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se recolle en <https://www.xunta.gal/exercicio-dos-dereitos> . Contacto co/a delegado/a de protección de datos e información adicional: <https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos> .

Así mesmo, as partes garanten o cumprimento do deber de información previsto no artigo 13 do RXPD respecto do persoal ao seu servizo, propio ou alleo, cuxos datos persoais sexan comunicados entre as partes para o mantemento e cumprimento do convenio.

## 2. Deber de confidencialidade

As partes asinantes deberán respectar o segredo profesional e, en consecuencia, manter absoluta confidencialidade e reserva sobre a totalidade dos documentos, datos e informacións que lle sexan confiados para a formalización e desenvolvemento do presente convenio. Así mesmo, quedan expresamente obrigados:

- A utilizar dita información exclusivamente no ámbito da relación obxecto de convenio e para os fins nel establecidos;
- A non comunicala, total ou parcialmente, a ningún terceiro sen autorización expresa do emisor salvo nos supostos previstos pola lei, requiríndose o mesmo compromiso do persoal ao seu servizo ou de quen colabore con eles no execución do convenio;
- A facilitar o acceso á información só ao persoal que a precise para o desenvolvemento da citada relación, ao que se lle comunicará a obriga de tratar a información á que teña acceso de xeito estritamente confidencial.
- A aplicar medidas de cautela e protección e destruír en calquera momento a documentación escrita recibida se así o solicita a parte que a forneceu

Considerarase información confidencial aquela á que as partes asinantes accedan en virtude do presente convenio, especialmente a de tipo técnico ou tecnolóxico, administrativa, ou



económico-financiera, sempre que non teña carácter público ou notorio. Este deber manterase aínda despois de finalizada a relación que vincula ás partes.

### 3. Desenvolvemento das actividades formativas

As partes adoptarán as medidas de seguridade precisas para que toda persoa que interveña na organización e o desenvolvemento das actividades formativas derivadas deste convenio:

- Respecten o deber de confidencialidade en relación cos datos persoais que sexan manexados no exercicio das competencias derivadas deste convenio.
- Se limite na medida do posible o acceso aos datos de carácter persoal.
- Se traten os datos persoais exclusivamente para a finalidade prevista neste convenio.

Así mesmo, as partes asumen a obriga de non ceder os datos de carácter persoal a terceiros, salvo nos casos en que exista unha obriga legal.

### Décima.- Vixencia.

Este convenio estenderá a súa vixencia dende a data da sinatura por todas as partes ata o 31 de decembro de 2026 salvo denuncia de calquera das partes antes do seu termo.

Este convenio de colaboración obriga ao cumprimento do expresamente pactado, someténdose todas as partes ao acordado en todas as estipulacións, e como proba de conformidade subscríbese, por duplicado exemplar, no lugar e data arriba indicados.

O director da Axencia para a  
Modernización Tecnolóxica de Galicia,

A directora da Escola Galega de  
Administración Pública,

Damián Rey Rodríguez

Sonia Rodríguez-Campos González





## ANEXO I

ÁREA: ADMINISTRACIÓN ELECTRÓNICA							
Denominación	Mod.	Ed.	Pras/ Ed.	Horas/ Ed.	Orzamento convenio	Achega EGAP	Achega Amtega
Curso Superior de Administración Electrónica	Mixto	1	70	114	0,00 €	0 €	0,00 €
Curso Superior de Ciberseguridade – Continuación e ampliación	Mixto	1	70	102	8.000,00 €	0 €	8.000,00 €
Curso Superior de Protección de datos	Mixto	1	70	115	11.500,00 €	0 €	11.500,00 €
Tramitación Electrónica Integral na Xunta de Galicia no contexto da lei 39/2015: enfoque práctico e aspectos xurídicos	Mixto (38T + 12TP)	2	50	50	5.860,00 €	2.930,00 €	2.930,00 €
Implantación da administración electrónica na Xunta de Galicia e relación coa cidadanía	Mixto (26T + 4TP)	2	50	30	4.130,00 €	2.065,00 €	2.065,00 €
Implantación da administración electrónica na Xunta de Galicia e xestión electrónica documental na tramitación administrativa	Mixto (26T + 4TP)	2	50	30	3.260,00 €	1.630,00 €	1.630,00 €
Implantación da administración electrónica na Xunta de Galicia: Tramitación de expedientes administrativos (w@ndA)	Mixto (21T + 4TP)	2	50	25	3.640,00 €	1.820,00 €	1.820,00 €
Administración dixital: automatización de procesos e robotización aplicada á xestión pública. Conceptos e casos prácticos.	Mixto (26T + 4TP)	2	50	30	3.695,00 €	1.847,50 €	1.847,50 €
Administración dixital: introducción aos sistemas de análises de datos. Conceptos e casos prácticos.	Mixto (26T + 4TP)	2	50	30	3.260,00 €	1.630,00 €	1.630,00 €
Administración dixital: accesibilidade e usabilidade dos sistemas dixitais. Conceptos e casos prácticos.	Mixto (26T + 4TP)	2	50	30	3.260,00 €	1.630,00 €	1.630,00 €
Administración dixital: introdución ao gobierno e xestión do dato	Mixto (26T + 4TP)	1	50	30	3.138,00 €	1.569,00 €	1.569,00 €
Administración dixital: sistemas para a xestión dos datos xeoespaciais	Mixto (26T + 4TP)	1	50	30	3.138,00 €	1.569,00 €	1.569,00 €
Aplicación práctica para as AAPP da Lei2/2025 para o desenvolvemento e impulso da IA en Galicia	Telepresenza	1	50	30	2.670,00 €	1.335,00 €	1.335,00 €
Aplicación práctica da Lei 2/2025 para persoas comisionadas de intelixencia artificial	Telepresenza	1	50	30	2.670,00 €	1.335,00 €	1.335,00 €
Sistemas para a contratación electrónica	Teleformación	2	50	30	3.230,00 €	1.615,00 €	1.615,00 €
Uso avanzado do Xestor de Expedientes de Contratación (PLATION)	Mixto (24T + 6TP)	1	50	30	2.000,00 €	1.000,00 €	1.000,00 €





Uso avanzado do Sistema de Licitación Electrónica da Xunta de Galicia (SILEX)	Mixto (24T + 6TP)	1	50	30	2.000,00 €	1.000,00 €	1.000,00 €
Certificados electrónicos e sinatura electrónica. Uso de certificados electrónicos no contexto da Xunta de Galicia.	Teleformación	6	50	20	5.880,00 €	2.940,00 €	2.940,00 €
Sistema electrónico de facturación (SEF)	Mixto (24T + 6TP)	2	50	30	3.710,00 €	1.855,00 €	1.855,00 €
Canle dixital do emprego público FIDES	Teleformación	4	50	30	6.170,00 €	3.085,00 €	3.085,00 €
Accións de acompañamento na implantación e impulso de sistemas de tramitación electrónica e proxectos de seguridade	Presencial/ Mixto	-	-	-	3.950,00 €	1.975,00 €	1.975,00 €
Implantación do expediente xudicial electrónico: persoal xestor e tramitador	Teleformación	4	50	30	5.880,00 €	2.940,00 €	2.940,00 €
Implantación do expediente xudicial electrónico: persoal de auxilio	Teleformación	2	50	30	2.940,00 €	1.470,00 €	1.470,00 €
Ferramentas para o teletraballo no sector público de Galicia	Teleformación	4	50	20	3.920,00 €	1.960,00 €	1.960,00 €
Ferramentas para o teletraballo na Administración de Xustiza en Galicia	Teleformación	3	50	20	1.960,00 €	980,00 €	980,00 €
Xestión de proxectos: enfoques predictivo, áxil e híbrido	Presencial	1	25	18	1.440,00 €	720,00 €	720,00 €
<b>ÁREA: SEGURIDADE E PROTECCIÓN DE DATOS</b>							
Seguridade da información na Xunta de Galicia	Teleformación	4	50	30	6.025,00 €	3.012,50 €	3.012,50 €
Introdución á protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais	Teleformación	6	50	30	8.965,00 €	4.482,50 €	4.482,50 €
Aspectos avanzados e implantación da normativa de protección de datos na Xunta de Galicia	Teleformación	5	50	40	9.945,00 €	4.972,50 €	4.972,50 €
Esquema Nacional de Seguridade para responsables de servizos e da información e coordinadores de seguridade	Teleformación	1	50	25	1.370,00 €	685,00 €	685,00 €
Curso para persoal delegado de protección de datos da Xunta de Galicia	Telepresenza	1	30	80	0,00 €	0,00 €	0,00 €
Curso de especialización para persoal delegado de protección de datos da Xunta de Galicia	Telepresenza	1	30	80	0,00 €	0,00 €	0,00 €
Seguridade da información na Administración de Xustiza en Galicia	Teleformación	2	50	30	3.085,00 €	1.542,50 €	1.542,50 €
Introdución á protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais na Administración de Xustiza.	Teleformación	2	50	30	3.085,00 €	1.542,50 €	1.542,50 €
<b>ORZAMENTO TOTAL DO CONVENIO</b>					<b>133.776,00 €</b>	<b>57.138,00 €</b>	<b>76.638,00 €</b>

